

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE FEBREIRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 8 de febreiro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 6 de febreiro de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez (asiste a todos os puntos agás o 1b e 1d)
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 1b e 1d)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Francisco Orúe Gutiérrez (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 29 de xaneiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 29 de xaneiro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 1 de febreiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 1 de febreiro de 2018 cos votos de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

c) Acta da sesión do 2 de febreiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 2 de febreiro de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

d) Acta da sesión do 5 de febreiro de 2018

Apróbase a acta da sesión do 5 de febreiro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:24	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A642-CFDA22-A54539-DCG2KB-59KYSU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)

Non se trata este asunto porque non se ten constancia da recepción de todas as proposicións.

3.- Apertura da documentación técnica**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de monitores e estacións de traballo (8.364-113)**

Non se trata polo motivo indicado no punto 2a.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Fátima (4.921-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	174.937,50 €
2	ORESA, S.L.	170.775,00 €
3	COPCISA, S.A.	173.767,50 €
4	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	184.439,45 €
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	173.051,05 €
6	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	172.125,00 €
7	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	161.932,50 €
8	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	175.087,00 €
9	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	173.877,00 €
10	NAROM, S.	173.362,50 €

Está presente o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castaños.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción e D. Nicolás Fernández Domínguez, con DNI 44.499.959-L, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:24	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A642-CFDA22-A54539-DCG2KB-59KYSU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	153.177,30 €
2	ORESA, S.L.	151.600,95 €
3	COPCISA, S.A.	145.237,22 €
4	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTAIS, S.L.U.	147.317,80 €
5	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	149.362,94 €
6	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	161.849,84 €
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	149.248,12 €
8	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	147.902,00 €
9	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	151.008,00 €
10	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	148.389,90 €
11	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	149.919,00 €

Está presente o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castaños.

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción e D. Nicolás Fernández Domínguez, con DNI 44.499.959-L, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 22 de xaneiro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:



1. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 1 de febreiro de 2018 o enxeñeiro industrial e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns emitiu informe sobre a xustificación presentada, no se conclúe *“Analizada a documentación presentada se pode chegar a conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato, sen afectar á certidumbre e viabilidade da execución da obra ante calquera desviación na execución”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 5 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro industrial e o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 5 de febreiro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:24	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A642-CFDA22-A54539-DCG2KB-59KYSU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

construción dun parque de skateboard, bmx e roller no parque de San Pelaio de Navia (Vigo) (9.683-446) na seguinte orde descendente:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TOTAL
ZONA DE OBRA O ROSAL SLU	100,00
MECANO SPORT SL	94,88
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA	92,87
ORESAS SL	89,66
COPCISA	87,73
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS SA	56,58
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	44,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 23 de xaneiro de 2018 se notificou o acordo de clasificación aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3) e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) para que presentasen a documentación esixida no artigo 151.2 TRLCSP.

Non tendo constancia da recepción da notificación por MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L., os membros da Mesa acordan cursar unha nova notificación.

Durante o prazo concedido presentaron documentación CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.

Unha vez examinada pola Mesa, esta acorda por unanimidade, requirir a CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. que achegue, no prazo de tres días hábiles, a documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional para os lotes 2 e 5, xa que na declaración que presenta coa documentación ningún dos contratos relacionados é de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto destes lotes (IFCD0110 -



Confección e publicación de páxinas web e FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras - inglés - apartado 2D do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares).

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) (recursos interpostos por SETEX-APARAKI, S.A. e UTE ESTACIONAMIENTOS VIGO)

A secretaria informa aos membros da Mesa dos anteriores recursos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 13:24	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A642-CFDA22-A54539-DCG2KB-59KYSU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		